

O
teu,

o
meu...



Xacobe Meléndrez Fassbender

Galego nacido en 1963 en Tegucigalpa (HONDURAS), trasládase dous anos despois a Galicia, terra paterna, onde reside dende entón.

Dende o ano 2000 expón regularmente - máis dun centenar de exposicións tanto individuais como colectivas, nacionais e internacionais, (China, México, Italia, Escocia, Francia, Bulgaria, Portugal, Colombia...) - e participa como ponente en distintos eventos fotográficos.

Utiliza principalmente a fotografía como medio artístico, pero tamén a instalación e o videoarte. Neste último camiño, nos últimos anos, é destacable a súa participación, con proxeccións en directo, en concertos de música contemporánea.

Forma parte do colectivo “arTeu, arte+sociedade”, que busca novos camiños para a comunicación artística, e realiza numerosas convocatorias nas que exerce de curador.

Colaborou activamente como coordinador do Outono Fotográfico, inicialmente baixo a dirección de Benito Losada e no OF·2011 como coordinador xeral.

Periodicamente ten publicado crítica de arte na prensa e tamén en programas de radio.

www-xacobe.tk

“0 TEU, 0 MEU...” xacobe meléndrez fassbender

O teu, o meu...

xacobe meléndrez fassbender

NORMAL



2019

NORMAL

Espazo de Intervención Cultural da UDC

O TEU. O MEU... · Xacobe Meléndrez Fassbender

exposición de fotografía, vídeo e instalación presentada en NORMAL en xuño e xullo de 2019

Coordinación

Margarita Amor - Vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria

Araceli Serantes - Adxunta de Cultura

Equipo técnico da NORMAL: David Calderón, Jorge Cordal, Cándida Vázquez e Xosé Luís Díaz Carril.

EXPOSICIÓN

Programación: Araceli Serantes

Comisariado Xacobe Meléndrez Fassbender

Asistencia de montaxe: ComandoP, M8factorial, David Calderón

Laboratorio fotográfico: ZLICK

Vídeo: Xacobe Meléndrez Fassbender, Pablo Sánchez "Pablísimo", Diego Ventoso Fernández, Xosé Cruz Mahía

PUBLICACIÓN

Servizo de Publicacións da UDC

Textos: Julio Abalde_Reitor da UDC, Patricia Carballal, Alberto Sucasas, Miguel Anxo Fernán Vello e Xacobe Meléndrez Fassbender.

Deseño e maquetación: Olfös Eber

Fotografía: Xacobe Meléndrez Fassbender

Impresión: Lugami

Edita:

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións

A Coruña 2019

<https://www.udc.es/es/publicacions>, NORMAL_Espazo de Intervencion Cultural da UDC

Colección Dedaleira, nº 3

© da edición, Universidade da Coruña

© das imaxes, Xacobe Meléndrez Fassbender

© dos textos, as súas autoras

Número de páxinas 72

16,5 x 20,0 cm

ISBN impresión: 978-84-9749-727-5

ISBN electrónico: 978-84-9749-728-2

Dep. legal: C 1360-2019

URL persistente <http://hdl.handle.net/2183/23491>

CDU: 77.04(063)

IBIC: AGC; AJC



Este libro saiu do prelo
o 18 de Xullo de 2019
Día de Nenson Mandela

ubuntu

- 6 · Limiar · Jullio Abalde
- 9 · ENUMERAR · Pilar Pallarés
- 11 · Quen es ti? Quen somos nós? · Alberto Sucasas
- 18 · Palabras para mirar(se) · Patricia Carballal
- 23 · Arte do ollar... · Miguel Anxo Fernán Vello
- 25 · Miradas Necesarias ?
- 42 · Fotocesión
- 51 · E ti que miras
- 63 · O Xastre e o seu mundo
- 66 · A capa do Xastre
- 75 · Adenda: traducción al castellano


LIMIAR

Julio Abalde · Reitor da UDC

O teu, o meu... un convite oportuno para reflexionar sobre o espazo individual e o espazo colectivo no século XXI, en plena efervescencia das redes sociais, das web 2.0 e 3.0 e das tecnoloxías 5G. Unha provocación para pensar na información compartida -consciente e inconscientemente-, na cesión dos nosos datos ou da nosa imaxe de forma compulsiva e irreflexiva, no acceso que teñen uns terceiros descoñecidos e no uso que fan deles...

A nosa lexislación reconece que os individuos somos os propietarios dos nosos datos e da nosa imaxe, e debemos consentir explicitamente o seu uso. Aínda que nunca perdamos a propiedade sobre estes, o control sobre quen e para que os utiliza é cada vez máis difícil, mesmo ás veces imposible. Os dereitos ARCO (acceso, rectificación, cancelación e oposición) fan referencia a ese conxunto de accións que podemos exercer para os seguir controlando, pero non sempre é doado, posible ou ético, aínda que sexa legal.

Se tomamos como referente a Manfred Max-Neef e a súa matriz de necesidades humanas, poderíamos afirmar que estamos a vivir nun estado de pobreza de protección (tanto da identidade como da liberdade), e que a violación dun ou varios dereitos individuais ten un impacto real e negativo sobre os dereitos colectivos. Nesta exposición fotográfica e de videocreación, o autor, Xacobe Meléndrez Fassbender, fai referencia a algunhas das necesidades humanas que Max-Neef (1998:41) declara como fundamentais: protección, entendemento, participación, lecer, identidade, creación ou liberdade. Estas necesidades como individuos son invariables, mais o que si cambian son os satisfactores, é dicir, esas estratexias para as satisfacer que mudan en cada período histórico e incluso entre as diferentes culturas. Enfrontámonos a novos problemas e novos retos na medida que abandonamos os satisfactores tradicionais e os substituímos por novas estratexias. Estratexias de tipo político, legal ou social que nos sitúan no plano do subxectivo-universal.



Yayo Herrero invítanos a cambiar as gafas para mirar o mundo. Alerta unha vez máis da perda de biodiversidade no Planeta, mais tamén da etnodiversidade: a desaparición de comunidades, pobos, culturas, idiomas... que demostran que non existe unha única forma de ser e de estar. É imprescindible un compromiso coa vida, con todas as formas de vida, mais cunha vida de calidade. Fronte ao hiperdesenvolvido mundo virtual que coloniza o noso tempo e o noso espazo, Yayo reclama o espazo público e as estruturas comunitarias para crear unha visión crítica colectiva.

A universidade, máis en concreto as universidades públicas, e especialmente a Universidade da Coruña, entende que a ciencia e a tecnoloxía teñen un papel chave en desenmascarar esa cultura acrítica imperante, tamén ten responsabilidade de ofrecer solucións ante a crise socioambiental global e alternativas ante o individualismo desmobilizador. Entendemos a universidade como o espazo en que pensar novos modelos de produción democrática de coñecemento, tamén doutros modelos de desenvolvemento posibles e de novas prácticas sociais. Neste sentido, e facendo nosas as verbas de Dolors Reig (2014) perseguimos como comunidade o paso das TIC (tecnoloxías da información e a comunicación) ás TEP (tecnoloxías do empoderamento e a participación) e que as redes sociais deixen de ser meros instrumentos que se utilizan para influír, crear tendencia e ás veces manipular, para se converter en espazos de construción de valores e de accións que perseguen a incidencia social e a autorrealización persoal. O meu, o teu... só unha desculpa para pasar da reflexión ao compromiso.

BIBLIOGRAFÍA

Herrero, Yayo; Fernando Cembranos e Marta Pascual (Coords.) (2011). *Cambiar las gafas para mirar el mundo. Una nueva cultura de la sostenibilidad*. Madrid: Libros en Acción.

Max-Neff, Manfred (1998). *Desarrollo a escala humana*. Barcelona: Icaria.

Reig, Dolors; Luis F. Vílchez (2013). *Los jóvenes en la era de la hiperconectividad tendencias, claves y miradas*. Madrid: Fundación Telefónica.

ENUMERAR:
apalabrar
(pero con quién)
a vosa volta.

(Ayotzinapa 2)

Pilar Pallarés

Tempo fósil. 2018

Δ idéntíbil





Quen es ti? Quen somos nós?

Alberto Sucasas

É coñecida a escena bíblica (*Xénese 2, 19-20*): ó pouco de ter sido instalado Adán no Paraíso, o Creador encoméndalle a tarefa de ser el quen poña nome ós restantes seres. A existencia débenlla, por suposto, a Deus, pero establecer o nome que permita designar a cada un deles é competencia de Adán, o home primixenio.

Cal pode ser a razón de semellante privilexio? Moi probablemente o feito de que, entre tódalas criaturas, só o home ten a facultade de coñecelas: elas limítanse a existir, mentres que Adán é quen de comprendelas. A palabra coa que as nomea expresa, xustamente, esa comprensión. O nome non é, en xeral, outra cousa que a expresión verbal da identidade das cousas.

Árbores, animais, accidentes xeográficos... para todo iso atopa o home a palabra axeitada, pois recoñece a esencia ou identidade de tódolos seres. Mais, ocorre outro tanto consigo mesmo? Sabe Adán cal é a súa identidade? Está en condicións de dar resposta á pregunta quen son eu? A historia da parella primordial, amplificada pola súa descendencia, máis ben suxire o contrario. Ó longo da historia da humanidade, temos resolto moitos enigmas relativos ós feitos do mundo, pero aínda -e todo parece apuntar a que a espera será moi longa- non logramos saber, con certeza, quen somos nós.

Cheo de respostas para o que el non é, o home representa, para si mesmo, unha pregunta sen resposta: mihi quaestio factus sum, sentenciou Agostiño. A ciencia, a arte, o pensamento, a política... pero tamén a experiencia, persoal ou colectiva, do feito mesmo de vivir non deixa de propoñer ese inquietante interrogante: quen son eu?; quen es ti?; quen somos nós?

A pretensión de atopar a resposta definitiva está fóra de lugar. Podemos, iso si, ensaiar, dun xeito

aproximativo, un esbozo ou tentativa de resposta. Formularémola así: a identidade humana, sexa o que sexa, non é a dunha natureza simple; supón, pola contra, unha condición complexa, de notable densidade, pois nela concorren instancias heteroxéneas. Somos un cóctel identitario.

Dous serían os seus ingredientes principais. Poñámoslles nome: a identidade-eu e a identidade-nós.

Comezamos pola segunda. Cada un de nós identifícase en virtude da pertenza a diversas entidades colectivas. Nese sentido, pode dicir de si mesmo que é nai ou fillo, protestante ou agnóstico, francés ou ecuatoriana, labrega ou enxeñeiro, moza ou anciá, progresista ou reaccionario. Outros tantos aspectos da identidade que proveñen do feito de ser membro dunha comunidade ou colectivo. Trátase dunha identidade que comparto con outros moitos; a dicir verdade, con todos aqueles que tamén forman parte do grupo de referencia. Nesa medida, a persoa humana non é algo único e inintercambiable; de feito, pode ser substituída por calquera outra que desempeñe a mesma función social. No fondo, a identidade-nós fai de cada home un calquera. Unha proba sinxela: as sociedades son entidades que sobreviven á morte dos seus membros: eles vanse pero ela segue, pois a súa existencia non depende da presenza de estes ou aqueles suxeitos; é dabondo que os haxa, quenquera que sexan. (Unha lei análoga á vixente no eido biolóxico: o interese primordial é a supervivencia da especie, non



do organismo individual; a morte deste vese compensada pola aparición de novos espécimes... tamén eles destinados a morrer).

Soa cruel verse reducido á condición de non ser outra cousa que membro dun colectivo. O eu séntese asoballado, como se o grupo supuxese o sacrificio da individualidade. Acaso a nosa condición aseméllase ó ciclo biolóxico, onde a xeneralidade da especie apenas tolera a irrupción do singular, ou mesmo á produción industrial, en serie, de artigos comerciais? Carece de todo dereito a individualidade? Por suposto que non:

“O TEU, O MEU...” xacobe meléndrez fassbender



velaí a razón de que, xunto á identidade-nós, a realidade humana esixa, como contrapunto ou complemento, a identidade-eu. Nova perspectiva: o home, cada home, deixa de ser mera parte ou fracción do organismo social; agora emerxe como algo único, insubstituíble, que reclama o dereito, irrenunciábel, a ser el mesmo. Por moi difícil que resulte dicir en que consiste dita identidade (o propio do individuo consiste, xustamente, en ofrecer resistencia á xeneralidade do concepto), o certo é que a súa reivindicación é consubstancial á humana conditio. Na vida cotiá recoñecemos, con plena inmediatez, esa

singularidade cando identificamos a outro polos dous caracteres que lle pertencen en exclusiva: a súa faciana e a súa voz. (Dito entre parénteses, a fotografía, nisto herdeira do xénero pictórico do retrato, mantén unha fonda afinidade co misterio do rostro, que é, ó mesmo tempo, expresión e segredo).

Non nos atopamos diante dun dilema, senón dun cóctel identitario. O que somos é dual: eu e nós, singularidade e pertenza. A pretensión de dar conta da identidade humana en termos unilateralmente egolóxicos ou comunitarios está condenada ó fracaso. Levaría, por un lado, ó illamento dun suxeito solitario, sen pertenza. Polo outro, á disolución do individuo na sustancia comunitaria. Ámbalas dúas posibilidades desembocarían na negación do humano; é dicir, no inhumano. Non por iso deixa de ser moi amplo o abano identitario: segundo dosifiquemos os compoñentes da mestura, varía substancialmente o resultado final. Pensemos en dous casos límite: o fanático disposto a matar, e morrer, pola causa; no outro extremo, o suxeito egoísta que rexeita calquera compromiso cos outros.

Cada eu vive, sen poder intercambiala, a súa vida; intégrase, ó mesmo tempo, na actividade vital dos grupos ós que pertence. O primeiro fai prevalecer o punto de vista da primeira persoa: eu son, para min mesmo, condición de canto me afecta ou ocorre; ata o punto de que a miña morte -mero caso de defunción para os outros- supón, sen máis, o fin do mundo. Pero, de

adoptar o enfoque colectivo, ábrese camiño o punto de vista da terceira persoa: para este, cada home vale pola función social que desempeña (o seu rol, en terminoloxía sociolóxica), sendo a fin de contas indiferente quen sexa o que o realiza.

Hai que escoller? Imponse, máis ben, a evidencia de que temos que vivir, simultaneamente, nos dous espazos. Se nas relacións superficiais, pero necesarias, que mantemos cos semellantes tivésemos que ter presente, en todo instante, a singularidade absoluta de cada un deles (o segredo do seu eu), a vida social tornárase imposible. Pero tamén é certo que alí onde a relación cos outros se carga de significación emocional (é o propio da experiencia amorosa, non só no erotismo, tamén na amizade ou no afecto paterno-filial), o próximo xa non é o representante dunha función social, senón alguén único, a descubrir na súa individualidade. Invertendo o tópico (o amor é cego), cumpre dicir que só a experiencia amorosa é quen de revelarnos o que de insubstituíble hai en cada home; unicamente ela sabe recoñecer, baixo a máscara do calquera, a realidade do único.

Pode que o maior desafío que debe afrontar a humanidade consista en conciliar, dun xeito armónico, os dereitos do colectivo (a identidade-nós) e as prerrogativas do individuo (a identidade-eu).

O teu, o meu... invítanos a transitar ese difícil camiño que levaría ó encontro entre civismo e amor, entre paixón e política.

A pair of brown-rimmed glasses is positioned in the upper right quadrant of the page, slightly out of focus. In the lower right corner, a small cluster of purple flowers with green leaves is visible. The background is a plain, light-colored surface.

Palabras para mirar(se)

Patricia Carballal

Cando Dorothy chegou á cidade Esmeralda, onde vivía o mago de Oz, o gardián da porta deulle unhas gafas para que mirara ao seu arredor e advertiulle: “se non te puxeran anteollos, o brillo e a gloria de Cidade Esmeralda podería cegarte”. Así, Dorothy, puido



admirar unha cidade verde na que refulxían as pedras preciosas, os vidros das fiestras e as casas construídas con mármore. Só máis tarde, cando os lectores e lectoras coñecemos que temible Mago non é mais que un farsante ao que a vontade de crer dos habitantes daquel afastado mundo lle outorga a súa suposta maxia, advertimos que o verde da cidade só se vía através do cristal. Así mesmo, a valentía do león, o corazón do leñador e o cerebro do espantallo estaban en si mesmos e non nos poderes do Mago, e Dorothy, tras vencer ela soa as bruxas do Leste e do Oeste toca tres veces os talóns dos seus pequenos pés para poder volver a casa. A nena é quen, en realidade, coa súa amizade, coa súa determinación e co seu afán de camiñar, consegue axudar aos seus amigos e regresar ao seu punto de partida.

Nun mundo cada vez máis globalizado e utilitarista, no que segundo Martha Nussbaum, “os países optan por fomentar a rendabilidade a curto prazo mediante o cultivo de capacidades utilitarias e prácticas, aptas para xerar renda” as palabras da literatura, que atravesaron as liñas do tempo e do espazo, que construíron cidades e nomearon o mundo de mil e unha maneiras distintas, son o cristal para poder mirar e comprender aos demais, para atoparnos a nós mesmos, para facer o mundo habitable, para regresar a casa. Nun sobrecolledor texto, Beatriz Helena Robledo, recolle a testemuña dos efectos da literatura dos nenos e nenas que, privados da infancia

formaron parte do conflito armado colombiano. Así, perdidos pola selva, as palabras eran para eles ordes e mandatos que os levaban por camiños poeirentos e redundaban na violencia do entorno. O desarraigo, a proximidade da morte, a dor e a angustia privaran a estes nenos e nenas de soños e de futuro. Cando Robledo e os seus colegas, pouco a pouco, abriron as páxinas dos libros que lles levaron aos centros onde pasaban os derradeiros anos da súa nenez antes de integrarse na sociedade adulta, os rapaces/as contemplaron e escoitaron os seus sons, primeiro, con estrañeza, logo, con atención, máis tarde, con ilusión. E cando as mans que apenas xogaran acariciaron os lapis en lugar dos fusís, conseguiron trazar palabras, crearon mundos con magos de Oz e Dorothis que lle outorgaron novas fronteiras ás súas mentes, novos sentimentos aos seus corazóns de pedra e afouteza e alegría para volver a mirarse e para



chegar a casa. As palabras da literatura eran a maxia coa que podían mirarse, contarse ou pensarse fóra do seu desarraigo infantil. Así, verbas como amor, amizade, compañeirismo, coidado, futuro, liberdade ou dereito erguéronse ante eles para contemplar o mundo, que refulxía, despois de tantos anos e tantas desgrazas, co máis preciosa cor verde da Cidade Esmeralda. E incluso un deles, que perdera a voz nos camiños da súa curta vida comezou a falar a través das palabras dos outros, que non son máis cas palabras de cristal da literatura.

Textos citados:

Baum, L. Frank (2016): El mago de Oz. Barcelona: Penguin Books.

Nussbaum, Martha (2010): Sin fines de lucro. Por qué la democracia necesita de las humanidades. Madrid, Buenos Aires: Katz Editores

Robledo, Beatriz Helena (2003): “La literatura en tiempos de guerra”. Conferencia en las Quintas Jornadas de Literatura, Bogotá: Espantapájaros Taller.

ARTE DO OLLAR DE XACOBÉ MELÉNDREZ FASSBENDER

Miguel Anxo Fernán Vello

Entre ti e min, no espazo construído pola luz,
na luz que ollamos dentro e fóra da pel,
íntimo asexo que se nos abre ao mundo,
o corpo, os corpos entre nós e a substancia
que nos posúe enteira como unha identidade,
o oficio de habitar outro tempo, outra entraña,
ollarnos no interior do que somos
como un sopro que incendia o destino,
o ollar secreto
da natureza.

E aquí estamos, na arte de contemplar a vida
contra o curso da sombra,
fotografía escrita do poema
para o futuro
da existencia.

Porque precisamos a mirada viva
contra o ritual obsceno dunha imaxe
repetida nos días,
porque somos o lugar e a memoria
ou a raíz dun nome que medra no porvir.

Entre ti e min, que agardamos de nós,
que límite fixamos cruzando a transparencia.

Somos o noso ollar no centro do desexo,
na floración vermella que eleva a multitude,
fotografía lúcida que respira ou os corpos ergueitos
contra a noite,
exhalación e espasmo, e outra luz construída,
fábrica de esperanza,
visión azul do enigma
no corazón oculto da ruína.





MIRADAS NECESARIAS (?)

Individualmente, precisamos doutras miradas?
(dende outras perspectivas, en lugares onde non podemos acceder, con outras capacidades...)

Partillamos con lixeireza fotografías íntimas en plataformas dixitais, subministramos datos constantemente ás redes internacionais de Bigdata e, non obstante, somos moi celosos gardándoas das miradas máis próximas fisicamente?

Fai parte da nosa identidade a mirada dos outros?

Por que agora somos máis remisos a que nos fotografen outras persoas? De que temos medo? É fundado ese medo? Por que ten tanta proxección e a quen favorece?

É útil a fotografía individual e socialmente?

Pode ser a fotografía o máis importante soporte físico da memoria?



“O TEU, O MEU...” xacobe meléndrez fassbender



Xulio Villarino, fotoperiodista, traballa como freelance e para a axencia Cover. Nesta fotografía aparece defendendo o seu lugar de traballo, a rúa; discute cun vixiante de seguridade na estación de ferrocarril, aguantando con profesionalidade ao garda que entre violento e desconcertado, tenta cruzar a súa mirada e topa a venda dos seus ollos.

Axusteiille a tea na cabeza, sacamos as cámaras e achegámonos a un grupo onde estaban as distintas forzas de seguridade da estación. Ao vernos chegar policía e garda civil afástanse para evitar un conflito que intúen, sabedores que dende había tres meses levantaránlles a orde de impedir que se fotografase dentro destes espazos sen o permiso correspondente. A imaxe era case surrealista, o enfite duro do garda fronte á mirada cegada pero firme do repoteiro.

Xosé Abad realizando un nu feminino. Erótica e sensibilidade no punto de mira, no borde da condena dunha parte da sociedade de mirada sucia e hipócrita. Ao contrario, este galego de orixe catalá, comprométese coa paz rafoscontralaguerra.com), coa loita pola igualdade de xénero (Las mujeres del mundo cara a cara, (m)² ou O eterno feminino) e a solidariedade (Territorio Ashaninka e creación de REVELA, foro internacional de fotografía e debate social).

2 ¶ r é unha serie persoal coa que pretende facer un percorrido polas distintas etapas do ser humano ante o amor e a sexualidade ao longo da vida. O conxunto está pensado para ser pendurado na sala de exposicións en disposición circular, como símbolo de continuidade e retorno.



“O TEU, O MEU...” xacobe meléndrez fassbender





Paco Rocha fotógrafo todoterreo: social, industrial, publicitaria, periodística, formación... representa a nova xeración que comezou xa o seu traballo profesional a partir da fotografía dixital, pero mantén un grande interese polas técnicas clásicas (organizador de Santiago en Prata 2009). Aquí realizando un clásico reportaxe social -o de voda- que responde a un dos usos fundamentais do medio, o relacionado coa memoria e por ende coa identidade.

Até o ano 2005 fixéronse tres veces máis fotografías dixitais que analóxicas dende 1824 ano no que Joseph Nicéphore Niépce tomou a que se considera a primeira fotografía da historia; e as posibilidades de difusión agora son case instantáneas e globais.

“O TEU, O MEU...” xacobe meléndrez fassbender


A quen engano? Este Gabeador común (*Certhia brachydactyla*) é unha especie que raramente aniña nas caixas. Farto de saber onde está o fotógrafo e as cámaras , investiga -case pousando na miña cabeza- por que o retratista leva desta vez unha venda nos ollos baixo a manta de camuflaxe.

Depois decide non demorar máis e levarlle os coleópteros aos seus fillos, pousando antes de entrar, para facilitar o traballo didáctico dos ornitólogos, sen as estridencias da sociedade do primeiro mundo na procura da intimidade familiar.



Salvador Bará, científico da universidade, nun experimento cun interferómetro láser Mach-Zehnder para o estudo de micro-lentes. A fotografía ten destacado como ferramenta para a investigación científica. Nos laboratorios de óptica desenvólvense, a máis, os novos materiais para este medio.

No social, Salva axita tamén o mundo da astronomía nas rúas da súa cidade, fotografando estrelas cos telescopios e os teléfonos móbiles dos paseantes nas noites estivais. Está á procura da reconciliación entre a ciencia e a xente de a pé, será este un novo romanticismo modernista e ilustrado?





Isabel Flores, fotógrafa nómade nacida en Tenerife, fai restauración con receitas de emulsións, interpretadas ao seu gusto, sobre materiais específicos e, presentadas en orixinais soportes, coa intención de acadar a terceira dimensión, devolvéndolle materialidade; en busca da escultura fotográfica.

A mirada intimista explora no seu interior, co engado da literatura, á procura doutros paraísos posíbeis e, coa fotografía, dá saída a esa súa necesidade de cartografalos para, finalmente, achegárnolos dun xeito próximo á arquitectura, máis propio da maqueta.



Joan Foncuberta fotografía, cun móbil, a cabeza-trofeo dun Paquidermus extintorus adosado á parede do salón de actos do Ministerio de Cultura mentres pregunta: “¿Soñarán los androides con cámaras fotográficas?” cuestión coa que tamén introducía, de novo, a reflexión sobre a veracidade da representación na fotografía e na sociedade actual e futura.

Pouco antes confesou que, nas primeiras épocas do teléfono móbil afirmaba -respondendo à enquisa dunha empresa de estudos de mercado- que a incorporación de pequenas cámaras aos teléfonos móbiles lle parecía “una solemne estupidez a la que no le auguraba ningún éxito”,

“O TEU, O MEU...” xacobe meléndrez fassbender

Pablo Pérez Losada, artista e Director da NAU BOSTIK, enleado tamén na xestión da Cooperativa de produción e xestión de proxectos fotográficos Territorios Libres. Arxentino adoptado por Catalunya. Nel a mirada, o ollo, faise criterio -que debe manterse independente- na selección do material para programar as exposicións e actividades neste antigo polígono barcelonés situado en pleno barrio de La Sagrera e nas salas municipais de Santa Coloma.

O uso máis xeralizado da fotografía é con moito o do ocio. Sen a intermediación do laboratorio e coa posibilidade de compartir as imaxes de inmediato no soporte informático, o incremento no número de tomas faise máis e máis acelerado. É a nova democratización participativa da fotografía. As vantaxes deste avance non poden ficar agachadas baixo os usos ilegais que acompañan sempre aos avances nas liberdades e que son magnificados interesadamente polos medios oficiais.





Xoán Piñón, médico de formación, músico de corazón e fotógrafo de profesión e vocación. Depois do traballo segue fotografando no seu estudio, máis desta vez os seus ensaios máis persoais.



Semanalmente recibe un subministro de alimentos de agricultura ecolóxica, e dende hai tempo busca a luz entre pregues de pementos e tras luces de follas de lombardas. Onde a nós nos parece ver ecos conscientes e inconscientes das obras dos clásicos, Xoan fala de fototerapia para liberar pantasma e contradicións vitais, unha investigación para chegar as profundidades do “eu” con moito de improvisación. Anda á procura das vidas orixinarias nas formas vexetais. “A esencia e a identidade está sempre oculta, podes vela?... As plantas tamén teñen moito que contar.”

Interésame a fotografía como xeito de comunicación social, como mediación artística entre os movementos de renovación e a sociedade, que amose feitos e transmita reflexións sobre o que vai mal, que dea visibilidade as novas propostas, que investigue nas distintos contornas de identidade, dende os máis íntimos aos sociais, tentando equilíbralos. A arte como resistencia e confrontación, como pulsión re-evolucionaria que poña en valor as polémicas, os debates ninguneados polos medios, que constrúen unha representación falaz da realidade.

Eiquí, no cuarto escuro dixital, traballando sobre ENCONTRO, fotografía premiada no primeiro concurso artístico do Ministerio de Medio Ambiente:

“No camiño, nun espazo baleiro encóntranse dúas figuras, unha preta sen ornamentos, enrolada sobre cartón e outra transparente e con relucente coroa, cunha moderna casa, que deixa un rastro de babuxa brillante:

Ao cruzárense, que se dirán?...





Que est

A que s

¿Serías dispuesto a aportar para conseguir un bien colectivo?

¿Serías capaz de renunciar?

FOTOCESIÓN

www.sumamos.org

S U M A M O S

proyecto artístico de Xacobe Meléndrez Fassbender

“O TEU, O MEU...” xacobe meléndrez fassbender

Está instalación reflexiona, coas persoas que a visitan, sobre o xeito de participación social. Comeza preguntando “que estarías disposto a aportar para conseguir un ben común?” e afonda “a que estarías disposto a renunciar?”. Deben tomar unha decisión aparentemente simple: se queren ceder algo seu para formar parte do colectivo SUMAMOS; é extremadamente persoal: trátase da súa imaxe, un retrato recollido automaticamente pola propia instalación cunha cámara oculta. Antes de abandonala enfróntase a unha pantalla coa súa foto, a descrición do proxecto e dúas posibilidades: aceptar ou rexeitar a cesión do seu retrato, acción que será gravada en vídeo e gardada se a resposta é positiva, e destruída xunto coa foto se preme o botón de rexeitamento.

SUMAMOS ten tres “saídas”. As dúas primeiras na propia sala de exposicións, onde por unha beira se suceden os retratos nunha pantalla e por outra se imprimen nunha folla oito fotos seleccionadas aleatoriamente de entre as retratadas e que se poden retirar do chan. Finalmente o colectivo debe abrirse ao mundo exterior e o fai mediante saída a internet na páxina www.sumamos.org onde a máis de verse os retratos, cabe a posibilidade de escribir comentarios.




“O TEU, O MEU...” xacobe meléndrez fassbender





“O TEU, O MEU...” xacobe meléndrez fassbender





“O TEU, O MEU...” xacobe meléndrez fassbender

E TI, QUE MIRAS?

enfrentamento / acordos




A locución que dá título a esta serie fotográfica era moi utilizada nos barrios e viña a expresar un desafío, unha hostilidade fronte ao interpelado. Adoitaba usarse contra alguén descoñecido, algunha persoa que se achegaba a outra, que só por ese feito se sentía ameazada,


Nesa interrelación cos outros basease unha característica fundamental da humanidade, o seu gregarismo. E del arrancan normas de convivencia que están en constante negociación; Aristóteles baseouse nesa realidade para afirmar que o ser humano é un animal político.


A resposta a este achegamento pode ser sempre un enfrentamento do que adoitan saír todos perxudicados, ou a formación de acordos que fan do encontro un acto positivo.

Estes plantexamentos e reflexións son aplicables tamén cando o encontro se produce entre o nosoutros e o ti ou o vosoutros.



“O TEU, O MEU...” xacobe meléndrez fassbender





"O TEU, O MEU..." xacobe meléndrez fassbender



Isabel




Jorge

“O TEU, O MEU...” xacobe meléndrez fassbender



Pablo



Daniel

“O TEU, O MEU...” xacobe meléndrez fassbender







Xacobe



"O TEU, O MEU..." xacobe meléndrez fassbender

O Xastre e o seu mundo

Vídeo monocanal, 10 min. PALM

sinopse

Unha persoa camiña na beira do mar, coincidindo coas últimas luces do día. Está ao borde do colapso (individual/social), ten unhas grandes tesoiras...
Atopa dous mapas de Deutschland antes da unificación, Decide reinventarse. Recorta os planos polas fronteiras, cóseos, mide, prega, volta coser, proba e sae finalmente á luz do exterior.
O vídeo avanza dende o máis pesado tenebrismo cara unha volátil luz atlántica.

concepto, dirección, edición, realización e montaxe

Xacobe Meléndrez Fassbender

O Xastre

Pablo Sánchez “Pablísimo”

Percusión

Diego Ventoso Fernández

Operador de cámara e sonidista

Xosé Cruz Mahía






A capa do Xastre

50 x170 cm

O seu corte e cosido está baseado nas capas utilizadas nas montañas lucenses (mandil ou mantelo). A maioría carecían de carapucha e estaban realizadas en lá, tecida en dúas pezas, en tear. A urdime era de liño e adoitaban facerse moi mestas para evitar que a choivá as traspasase.

A peza que se presenta na exposición ten como pano os mapas de Deutschland antes da unificación. Representando dese xeito a reconstrucción despois da caída do muro, do telón de aceiro, a refundación a partir do territorio fragmentado.



Helmste



agradecementos

INMA DOVAL PORTO, XULIO VILLARINO, XOÁN PIÑÓN, XOSÉ ABAD, PACO ROCHA, ISABEL FLORES, PABLO PÉREZ LOSADA, SALVADOR BARÁ, JOAN FONCUBERTA, MATEO M. CHAS, GABRIEL, VIOLETA, MARTA JAKET, VICTORIA PENIDE, MARKUS HOFFMANN, ALBERTO SUCASAS PEÓN, PILAR PALLARÉS, PATRICIA CARBALLEIRA MIÑÁN, MIGUEL ANXO FERNÁNVELLO, PABLO SÁNCHEZ "PABLÍSIMO", XOSÉ CRUZ MAHÍA, XURXO GUITIÁN, MARÍA EUGENIA DELGADO, ARNDT VON STEIN, FRAN&MARINA, ARACELI SERANTES, DAVID CALDERÓN, RAMÓN RODRIGUEZ ALVEDRO, RAMÓN PALLEIRO, JUAN CREUS, FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL, OLFÖS EBER, PEPA FARRÉ, HELENA VILLAR, SANDRA G. REY, UMBE-MODA, LUGAMI, COMANDO-P, XOÁN FONTAÍÑA...





“0 TEU, 0 MEU...” xacobe meléndrez fassbender

Lo tuyo, lo mío...

xacobe meléndrez fassbender

Adenda: traducción al castellano



2019

Xacobe Meléndrez Fassbender.

Gallego nacido en 1963 en Tegucigalpa (HONDURAS), se traslada dos años despues a Galicia, tierra paterna, donde reside desde entonces.

Desde el año 2000 expone regularmente - más de un centenar de exposiciones tanto individuales como colectivas, nacionales e internacionales, (China, México, Italia, Escocia, Francia, Bulgaria, Portugal, Colombia...) - y participa como relator en distintos eventos fotográficos.

Utiliza principalmente la fotografía como medio artístico, pero también la instalación y el videoarte. En este campo, en los últimos años, es destacable su participación, con proyecciones en directo, en concertos de música contemporánea.

Forma parte del colectivo "arTeu, arte+sociedade", que busca nuevos caminos para la comunicación artística, y realiza numerosas convocatorias en las que ejerce de curador.

Colaboró activamente como coordinador del Outono Fotográfico, inicialmente bajo la dirección de Benito Losada y en el OF 2011 como coordinador general.

Periodicamente ha publicado crítica de arte en prensa y también en programas de radio.

www.xk3foto.tk

Este libro se terminó de imprimir
el 18 de Julio de 2019
Día de Nenson Mandela

Ubuntu

- 6 · Prólogo · Jullio Abalde
- 9 · ENUMERAR · Pilar Pallarés
- 11 · ¿Quién eres? ¿Quiénes somos? · Alberto Sucasas
- 18 · Palabras para mirar(se) · Patricia Carballal
- 23 · Arte de la mirada... · Miguel Anxo Fernán Vello
- 25 · Miradas Necesarias (?)
- 42 · Fotocesión
- 51 · T tu, ¿Qué miras?
- 63 · El sastre y su mundo.

- 66 · La capa del Sastre. pág. 5

LIMIAR

pág. 6

Julio Abalde · Rector de la UDC

Lo tuyo, lo mío... un convite oportuno para reflexionar sobre el espacio individual y el espacio colectivo en el siglo XXI, en plena efervescencia de las redes sociales, de las web 2.0 y 3.0 y de las tecnologías 5G. Una provocación para pensar en la información compartida -consciente e inconscientemente-, en la cesión de nuestros datos o de nuestra imagen de forma compulsiva e irreflexiva, en el acceso que tienen unos terceros desconocidos y en el uso que hacen de ellos...

Nuestra legislación reconoce que los individuos somos los propietarios de nuestros datos y de nuestra imagen, y debemos consentir explícitamente su uso. Aunque nunca perdamos la propiedad sobre estos, el control sobre quién y para qué los utiliza es cada vez más difícil, incluso a veces imposible. Los derechos ARCO (acceso, rectificación, cancelación y oposición) hacen referencia a ese conjunto de acciones que podemos ejercer para seguirlos controlando, pero no siempre es fácil, posible o ético, aunque sea legal.

